

B. ENSINO

A etapa de Feixóo á fronte do goberno galego supuxo un deterioro e abandono permanente do ensino público. Significou un retroceso e un ataque incesante ao ensino en galego e unha maior españolación e privatización da educación. Promoveu un modelo educativo asentado na doutrina neoliberal, nos continuos recortes no ensino público e no decrecemento dos seus orzamentos (1.747 M€ neste período) en todos os niveis educativos.

Perseguiu o noso idioma, prohibindo as aulas en galego das Matemáticas, Física e Química e Tecnoloxía. Reduciu 3000 docentes. Eliminou dereitos e reduciu os salarios do profesorado. Suprimiu nos últimos 5 anos 411 unidades e fechou 58 escolas no ensino público en tanto creou 243 no concertado, incluídas as que segregan o alumnado por razón de xénero. Masificou as aulas. Desentendeuse da atención á diversidade e do alumnado de educación especial. Careceuse de postos escolares no ensino público, nomeadamente, no primeiro ciclo de educación infantil, na formación profesional e na universidade. Foi Eliminada a gratuidade dos libros de texto, etc.

É dicir, foi promovido un modelo educativo máis desigual de menor calidade e equidade, en que a igualdade de oportunidades é inexistente e o dereito á educación esta vetado para os/as máis desfavorecidas socialmente. Non ficou á marxe ningunha etapa educativa da vaga de retallamentos aplicados ao ensino.

Toda esta política educativa de asfixia ao ensino público agrávese coa imposición e aplicación disparatada e máis extrema da Lei Orgánica de Mellora da Calidade do Ensino (LOMCE). Lei que españolaiza aínda máis o sistema educativo, reforza o ensino concertado e a privatización, afonda na confesionalidade, conforma un sistema educativo máis selectivo e clasista, impón as reválidas, segrega o alumnado, desconsidera o profesorado, elimina a xestión democrática dos centros, mercantiliza a educación, garante o dereito á insubmisión ás aulas no noso idioma e nega o dereito a un ensino galego e laico.

Non é posíbel un sistema educativo de calidade e galego sen termos capacidade política plena para dotármonos dun sistema fiscal e unha facenda propia que garanta, como mínimo, dedicar 7%do PIB e organizar o sistema educativo propio en función dos nosos intereses.

O actual sistema educativo emana do artigo 3 e 27 da Constitución española que asegura a españolación, a privatización e a confesionalidade do ensino. O Estado asegurou sempre os principios e as normas básicas, ampliándoas coa implantación da LOMCE. Reservase a ordenación do sistema educativo en todos os seus niveis e etapas e a fixación da maioría dos currículos das distintas materias. Cuestións, por citar algunhas, como os requisitos para a concesión dos concertos educativos, a obriga de impartir relixión nos centros educativos, as reválidas, a avaliación do sistema educativo, a concesión de bolsas de estudo, a composición e competencias de órganos colexiados dos centros educativos, o sistema de elección de cargos directivos, os criterios de admisión de alumnos/as, o sistema de acceso á función pública

docente, a alta inspección, a tipoloxía de centros integrados de Formación Profesional, a creación de centros de referencia nacional, etc, son competencias exclusivas do Estado.

O BNG considera prioritario:

—Procurar **un sistema educativo que conciba a educación como un servizo público universal e gratuito de 0 a 18 anos** e obrigatorio dos 3 aos 18 anos, que se converta en factor fundamental para a transformación social, a galeguización e o desenvolvemento integral de Galiza.

—**Elaborar unha Lei galega de Educación**, en función das nosas necesidades e intereses, inserida na nosa realidade social, cultural, económica e lingüística e que asegure o dereito universal de todos e todas as galegas a unha educación pública e galega.

—**Derrogar a LOMCE** e outras normas en materia educativa que sustentan a desigualdade, a privatización, a mercantilización e a españolización do sistema educativo, impiden a galeguización do ensino e a igualdade de oportunidades.

—**Exercer as competencias educativas plenas en Galiza** para, entre outras cuestións, avaliar o sistema educativo, eliminar as reválidas; regular a concesión de bolsas de estudo, fixar os criterios de xestión e organización dos centros e de elección dos cargos directivos, o calendario escolar e os criterios de admisión do alumnado. Conseguir a transferencia dos centros de “referencia nacional” e da a formación profesional continua, o traspaso dos programas contra o fracaso escolar, a elaboración do catálogo de cualificacións profesionais e os diferentes programas que dependen do ministerio, etc.

—**Ofertar prazas públicas suficientes en todos os niveis educativos** e garantir que todos os centros contén coa dotación de recursos necesarios e co profesorado suficiente en todas as especialidades para asegurar unha calidade e a equidade educativa para todos e todas.

—**Conseguir un ensino Laico** no que a materia de relixión non forme parte do currículo escolar nin estea presente nos centros de ensino, xa que a difusión da fe relixiosa corresponde ao ámbito privado.

—**Garantir unha mellor educación pública en todas as etapas escolares**. Dotar o sistema educativo de maiores niveis de calidade, apostando polo crecemento dos orzamentos destinados á educación co obxecto de lle **dedicar 7% do PIB**.

—Iniciar a redución dos concertos educativos, **eliminar os concertos educativos** dos centros que segregan alumnado por razón de xénero, así como os concertos educativos no ensino non obrigatorio, co obxecto de promover paulatinamente a supresión en todos os niveis educativos.

—**Restituír todos os dereitos laborais arrebatados ao profesorado**, incluído a recuperación dos salarios e pagas extras, o horario lectivo, o dereito a percibir o 100% das retribucións desde o primeiro día de incapacidade temporal (IT) e os acordos eliminados unilateralmente. Elaborar,

previa negociación coas organizacións sindicais, un estatuto galego da función pública docente que dea resposta ás demandas e melloras laborais e profesionais do profesorado

Outras propostas:

—**Dotar todos os centros públicos do profesorado necesario** para facer real e efectivo o dereito universal e gratuíto a unha educación pública e de calidade.

—**Reducir as ratios actuais de alumnado por aula** en todos os niveis educativos. Co obxectivo dun máximo de 15 alumnos por aula en educación infantil, 20 na educación primaria, educación secundaria obrigatoria, formación profesional e escolas oficiais de idiomas e de 25 alumnos/as por aula ano bacharelato. Estas ratios veranse reducidas naqueles grupos que escolaricen alumnado con necesidades específicas de apoio educativo e o alumnado repetidor terase en conta para a conformación dos grupos.

—**Restituír a gratuidade dos libros de texto** a través dun programa de préstamo. Garantir a gratuidade dos libros de texto e do material escolar ao alumnado de educación infantil e o ensino obrigatorio.

—**Garantir a igualdade de oportunidades e a equidade educativa para todo o alumnado** de necesidades específicas de apoio educativo para o que cal é necesario facilitar os recursos suficiente, evitando así todo tipo de discriminación e procurando un modelo educativo máis social e igualitario.

—**Garantir á atención á diversidade**, -contemplándoa- en todas as etapas e niveis educativos, potenciando a titoría, o reforzo e o apoio educativo e estendendo os departamentos de orientación a todos os centros, Facilitarse os desdobramentos nas materias que sexa necesario e a redución das ratios por aula. Porase en marcha un plan de actuación preferente destinado a prever, combater e reducir o fracaso escolar e o abandono na escolarización temperá, cos recursos e profesorado suficientes.

—Asumir maior compromiso na **escolarización do alumnado con necesidades educativas especiais**. Cómpre dotar todos os centros que escolaricen alumnado de educación especial dos docentes e persoal específico necesario e a redución da súa ratio para facer efectiva e real a integración escolar e a igualdade de oportunidades.

—Elaborar un **plano integrado para a escolarización no rural**, co obxecto de paralizar o seu total desmantelamento, garantindo os mesmos servizos complementarios e medios que os dos outros centros.

—**Restabelecemento do modelo educativo das galescolas. Oferta suficiente de prazas públicas para o primeiro ciclo de Educación Infantil** que satisfaga a demanda existente.

Integrar toda a etapa de educación infantil (o a 6 anos) no ámbito da consellaría competente en materia de educación.

—Promover unha **nova planificación da formación profesional** que suprima os concertos educativos co ensino privado. Ampliar, diversificar e asegurar unha oferta suficiente na rede pública para satisfacer a demanda existente e atender as necesidades do tecido industrial e dos sectores estratéxicos da nosa economía, contribuíndo así a fomentar e a desenvolver as nosas potencialidades económicas.

—**Ampliar e estender a rede das escolas oficiais de idiomas**, mediante a creación de novos centros e/ou da ampliación dos existentes, fomentando dun modo especial o estudo da lingua portuguesa.

—Promover unha **reordenación do ensino artístico**, integrando as diferentes especialidades a través dunha organización única e orientada cara á realidade galega. Integrar plenamente o ensino artístico superior no Sistema Universitario Galego.

—Arbitrar os mecanismos necesarios para que as **ensinanzas artísticas superiores poidan adscribirse e integrarse na universidade**, a fin de que o alumnado obteña a titulación de grao. Implementar mecanismos eficaces para a incorporación do alumnado egresado nas redes de creación e difusión cultural do país, favorecendo a produción e consumo de cultura galega.

—Elaborar unha **rede de educación permanente de persoas adultas** que inclúa centros específicos nas áreas de maior poboación. Impulsar a posta en marcha de programas de formación da poboación galega para coñecermos a nosa historia, cultura, xeografía, sociedade e natureza.

—**Promover o estudo da lingua portuguesa nos centros de ensino**. A súa oferta será obrigatoria en todos os centros de ensino.

—**Elaborar un modelo de inmersión lingüística co obxecto de conseguir a plena normalización lingüística** e un ensino totalmente en galego. Derrogar o Decreto 79/2010 para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galiza

—**Galeguizar os currículos escolares**, inseríndoos na nosa realidade nacional, con contidos propios, en que Galiza sexa materia de estudo en toda a súa dimensión histórica, cultural, social e económica, etc...

—**Estabelecer plans de formación para o conxunto do profesorado** co fin de alcanzar a plena normalización lingüística. Constarán, como mínimo, de formación específica en cada materia do currículo e deberán ser instrumento de capacitación do profesorado para dar aulas en galego e de dinamización do uso da lingua galega como lingua de docencia.

—Fixar que para o **acceso á función pública** docente, o profesorado deberá ter competencia en lingua galega e estará obrigado a realizar, como mínimo, unha das **probos en lingua galega**.

—Promover axudas para a creación e publicación de material didáctico en galego

—**Convocar ofertas públicas amplas de emprego no ensino** para dar resposta ás necesidades dos centros, mellorar a calidade do ensino, rematar coa impartición de afíns e a inestabilidade a precariedade laboral do profesorado do profesorado interino. Suprimir as taxas de reposición. A administración educativa ofertará, como mínimo, todas as vacantes producidas e creará as necesarias para unha atención educativa de calidade.

—**Modificar a actual estrutura e modelo de formación do profesorado**. Garantirase o dereito á formación continua de todo o profesorado. Elaboraranse plans anuais de formación descentralizada e gratuíta. Abranxerán todas as áreas do currículo. Procurarán a renovación e innovación educativa e unha mellor formación didáctica e pedagóxica e promoverán a normalización e galeguización do ensino

—Incorporar a figura do/a educador(a) social aos centros educativos e aos equipos de orientación.

—**Dotar todos os centros de persoal administrativo** e de coidadores/as, intérpretes de signos, xestión bibliotecaria e doutros perfís profesionais nos centros onde sexa necesario.

—Promover a modificación da lexislación do estado para garantir **a xestión democrática dos centros**, incluídos os centros Integrados de Formación Profesional mediante a elección democrática e directa das direccións polo Consello Escolar. Promoverase o traballo en equipo e a decisións colexiadas nos órganos de goberno. Impulsarase a participación dos pais e nais nos órganos constituídos para propiciar o interese pola marcha do sistema educativo.

—Estabelecer unha **política de bolsas e axudas ao estudo en todos os niveis do ensino**, nomeadamente, nas etapas postobligatorias e na universidade para asegurar a continuidade nos estudos de calquera estudante, fixando como criterios determinantes a situación económica e o afastamento do lugar de residencia respecto da localidade de estudo.

—**Facilitar os servizos complementares gratuítos** (comedor e transporte escolar) no ensino público, asumindo, paulatinamente, a xestión pública e directa desde a administración galega.

—Elaboración dunha **nova normativa sobre os comedores escolares**. O alumnado escolarizado no ensino público de Galiza terá dereito a facer uso do servizo de comedor escolar. O servizo de comedor estará atendido por persoal específico non docente, dependente da administración e coa cualificación correspondente. O alumnado que teña que facer uso do transporte escolar para a súa escolarización terá acceso gratuío ao comedor escolar. Fixaranse uns prezos módicos para o

resto do alumnado, co obxectivo de conseguir o acceso gratuíto para todo o alumnado do ensino básico e infantil.

—**Promover a elaboración dunha lei do transporte escolar de Galiza** para garantir o dereito ao transporte escolar en todos os niveis educativos, nomeadamente nas zonas rurais que non contan con transporte público regular. A organización e a regulación dos itinerarios ou itinerarios multicentros non poden condicionar o horario e a xornada dos centros. A Consellaría de Educación dotará persoal para custodiar o alumnado nas esperas, desde a chegada do transporte escolar até o inicio das aulas e desde a finalización até a saída do transporte.

—Facilitar unha oferta ampla a todos os centros públicos de **actividades extraescolares gratuítas** que serán impartidas por persoal específico e cualificado. A administración garantirá o transporte público ao alumnado para asistir a estas actividades. Así mesmo facilitarase o **programa madrugadores** onde sexa demandado.

—**Promover unha educación non sexista e coeducativa.** Todo o material curricular estará fundamentado no principio de igualdade entre mulleres e homes. Actuar preventivamente en contra da educación machista e a violencia de xénero. Eliminar e rexeitar os comportamentos e contidos sexistas e estereotipos que supoñan discriminación entre mulleres e homes con especial consideración no que atinxe aos libros de texto e materiais educativos. Promoción da presenza equilibrada de mulleres e homes nos órganos de control e de goberno dos centros docentes. Estabelecemento de medidas educativas destinadas ao recoñecemento e ensinanza do papel das mulleres na Historia, no Pensamento, na Ciencia e, en xeral, na sociedade.

—**Formación transversal do persoal educativo para o respecto á diversidade afectiva sexual;** protocolos contra o acoso lgtbifóbico; inclusión da diversidade de sexualidade e de xénero nos programas docentes.

—**Dotar todos os centros de servizo de orientación escolar** para facer fronte á educación con todas as garantías necesarias do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo. Proponse reforzar a orientación a nivel de aula, centro e comarca, fixando unha rede de orientación en todos os centros; promovendo a coordinación dos servizos de orientación e ampliando e comarcalizando dos actuais equipos específicos, como mínimo ás sete cidades galegas .

—**Pór en marcha o plano de convivencia escolar** cos medios necesarios e axeitados para actuar preventivamente e unha vez detectados os problemas e a súa tipoloxía, emprender as medidas correctivas adecuadas. Isto implica facilitar a conciliación da vida laboral coa familiar durante a escolaridade obrigatoria, xa que moitas veces a problemática responde máis a problemas sociais que propiamente educativos. Promoverase o tratamento transversal da convivencia escolar e a implicación dos órganos de participación do centro, sendo imprescindible a dotación dos medios necesarios e a implicación de todos os sectores implicados.

—**Potenciar as bibliotecas** escolares co fin de mellorar a súa xestión, instalacións, materiais e dotación. Iniciar a dotación do docente bibliotecario nos centros co maior número de alumnado. Garantir no resto dos centros que o profesorado que participe ou asuma a responsabilidade deste servizo goce da suficiente redución horaria. As bibliotecas escolares contarán cun fondo documental adecuado e actualizado, instalacións e equipamentos apropiados. Así mesmo, permanentemente, dotaranse economicamente as bibliotecas escolares para a súa actualización. Dotaranse todos os centros de material didáctico audiovisual, informático, documental e bibliográfico, aplicado ás diferentes áreas.

—Todos os centros terán unha **dotación suficiente tanto en equipos informáticos como en espazos**. Os centros de certa complexidade contarán con persoal técnico e cualificado en TIC. Garantirase o apoio e mantemento das TIC no resto dos centros. Estabelecerase un plano de formación dirixido a todo o profesorado para a formación no uso das TICs.

—**Promover un novo calendario escolar** que non estea marcado polas festividade relixiosas, conformado con intervalos lectivos compensados e cos respectivos descansos non lectivos, evitando o desequilibrio en días lectivos dos actuais trimestres. Restabelecerase a xornada matinal reducida de catro horas durante os meses de xuño e setembro nos centros que imparten ensinanzas de infantil e/ou de primaria. Institucionalización no calendario escolar o día 24 de febreiro como día de Rosalía.

—**Supresión do actual modelo de centros plurilingües** porque van en detrimento do ensino en galego, comportan discriminación do alumnado e incrementan a desigualdade de oportunidades. A mellora do aprendizaxe dos idiomas estranxeiro ten que abranxer todo o alumnado, fundamentarse na redución do alumnado por aula (desdobramentos) e en ter os medios necesarios e o profesorado especialista suficiente.

Un sistema universitario público, galego e de calidade:

Após 25 anos de existencia dun sistema universitario galego formado por tres universidades públicas (UDC, USC e UVIGO), queda claro que só a cooperación, a colaboración e a coordinación entre as tres foron quen de o facer avanzar na función que debe cumprir para o progreso da nosa sociedade e de Galiza. Alén do máis evidenciouse que o localismo e a competitividade como criterios de actuación na política universitaria o único que fan é agravar os problemas estruturais que aquí padecemos.

A formación de profesionais e investigadores que permitan o desenvolvemento económico, social e cultural da nosa terra igualmente deben estar no epicentro das políticas que son necesarias para acabarmos coa situación de dependencia en que estamos sometidos pola forza. A estafa da actual crise económica do capital, que ten servido para limitar a autonomía universitaria e segar boa parte daquelas principais intervencións que permitían o fluxo da mobilidade social ascendente,

acentúan a nosa problemática e impiden a consecución dos fins e cometidos propios das universidades galegas, razón pola que a nosa aposta polo sistema universitario é un compromiso e unha obriga da súa defensa e da súa promoción como sistema necesariamente público, galego e de calidade.

Universidade pública:

—Financiamento con fondos públicos suficientes e adecuados para evitar a dependencia universitaria de fondos privados que condicionan e hipotecan os seus verdadeiros cometidos, razón pola que seguimos apostando por un plano de financiamento universitario que teña como referencia o 1,5% do PIB, algo que garante o dereito de acceso ao ensino universitario, recursos docentes e de investigación indispensábeis, persoal docente e investigador e persoal de administración e servizos necesarios.

—Impedir a suba de taxas e prezos públicos universitarios e iniciar a súa redución progresiva para rematar co seu custo actual, especialmente en todo o que ter a ver co prezo dos estudos de grao, mestrado e doutoramento.

—Política real e efectiva de bolsas ao estudo que permita e garanta o dereito á educación no ensino superior, modificando ademais os requisitos, incluídos os académicos, para a obtención de axudas ao estudos, de modo que non impidan ao estudantado con menor poder adquisitivo acceder á universidade.

—Promover e defender a reforma da normativa estatal sobre universidades (principalmente LOU, entre outras) que asegure o futuro do modelo de universidade pública, garanta a súa autonomía e elimine os enfoques privatizadores e centralistas.

—Promover e defender a derogación das normas de racionalización do gasto público no ámbito educativo universitario, que encarecen as taxas universitarias, que reducen os cadros de persoal docente e investigador e persoal de administración e servizos e que incrementan os rateos.

Universidade galega:

—Transferencia a Galiza dos medios materiais e competencias da UNED, da Universidade Internacional Menéndez Pelayo e das Institucións dependentes do Centro de Investigacións Científicas.

—Transferencia a Galiza da competencia de xestión e concesión de bolsas e axudas ao estudo, incluídas as de mobilidade, do Goberno español.

—Apoio e promoción de titulacións interuniversitarias de grao, mestrado e doutoramento, sinaladamente aquelas que sirvan para o desenvolvemento económico, social e cultural de Galiza.

—Apoiar e promover liñas de investigación centradas nas necesidades específicas de Galiza e permitan o artellamento e posterior desenvolvemento económico, social e cultural de Galiza, aproveitando para tales efectos a riqueza e variedade dos campus das nosas tres universidades, que, como berce de innovación, poden desenvolver proxectos académicos e investigadores de referencia internacional.

—Creación e consolidación de grupos interuniversitarios de investigación galegos.

—Pular pola normalización do uso e a promoción da lingua galega en todos os ámbitos universitarios, coa inclusión de medidas que garantan o seu coñecemento no acceso aos postos docentes e para impartir as aulas en galego.

—Incentivar e apoiar o establecemento de vínculos académicos e de investigación internacionais coas universidades do ámbito lusófono.

Universidade de calidade e innovadora:

—Derrogación da normativa pola que se modifican os plans de estudos do ensino universitario, que pasa a ser de 3 anos no grao e de 2 anos no mestrado, por degradar as titulacións e as cualificacións universitarias, promover as universidades privadas e expulsar as clases máis humildes da universidade.

—Fomentar a dinamización e o crecemento do persoal dedicado á investigación, rematando coa temporalidade dos contratos nos proxectos de investigación no marco do fomento da investigación, favorecendo a libre difusión do coñecemento no canto da súa mercantilización, apoiando programas de doutoramento de calidade en todos os eidos de coñecemento e recuperando as convocatorias para o inicio e consolidación da carreira investigadora.

—Apoio e promoción de programas de doutoramento industriais.

—Revisión do proceso de adaptación ao Espazo Europeo de Educación Superior, xa desbotado nalgunhas universidades europeas polos seus efectos negativos sobre a educación superior e os fins esenciais da Universidade.

—Incrementar o número de prazas nas titulacións universitarias, adecuando a oferta á súa demanda real para evitarmos a existencia de titulacións elitistas e excluíntes que provocan a emigración académica do estudantado, con todos os custos económicos que isto supón, cando non impiden o acceso ao ensino superior como dereito básico.

—Modificación do actual calendario académico e superación das probas de acceso á universidade polas trabas que estas implican para o exercicio do dereito ao ensino superior.

—Modificación da normativa galega relativa aos consellos sociais, especialmente no que ten a ver coa súa composición, que non é representativa da sociedade en que se insire o noso sistema universitario galego, alén de demandar a reforma da lexislación española sobre tales órganos e as súas funcións.

—Apoio e promoción de planos específicos de consolidación dos cadros de persoal docente e investigación e do persoal de administración e servizos das tres universidades.

—Apoio con medios materiais e humanos ás tres universidades galegas para a captación de recursos económicos públicos en convocatorias de institucións públicas estatais e internacionais, promovendo ademais a presenza en Bruxelas de representación que dea apoio ás nosas universidades.

—Garantir a existencia de infraestrutura e de equipamentos mínimos necesarios para que o sistema universitario galego funcione con normalidade, especialmente naqueles campus que máis o necesitan.

—Garantir a comunicación e o acceso a todos os campus galegos, apostando pola mobilidade en todos os medios de transporte e en clave de rendibilidade social, con especial atención ao papel que pode xogar o tren de proximidade.

—Programa específicos de bolsas de mobilidade para garantir a formación e a actualización de coñecementos do persoal docente e investigador, do persoal de administración e servizos e do estudantado.

C. SERVICIOS SOCIAIS, PROTECCIÓN SOCIAL E ATENCIÓN Á DEPENDENCIA

A poboación galega afectada por procesos de exclusión social e situación de pobreza situábase, segundo os últimos datos recollidos no Informe FOESSA sobre exclusión e desenvolvemento social en Galiza de 2013, en torno ás 668.000 persoas (24% da poboación aproximadamente) repartidas nuns 209.000 fogares. A isto poderíamos engadir as persoas excluídas non pobres, isto é: situacións de exclusión que non obedecen necesariamente á carencia de ingresos e que no caso galego rondaría as 291.000 persoas.

Por outro lado, segundo os datos recollidos no informe Expulsión Social e Recuperación Económica deste ano elaborado pola citada fundación, a taxa de fogares galegos con todos os activos en paro pasou de ser de 4,2% en 2009 a 7,3% en 2016. No tocante á taxa de desemprego de moi longa duración, pasou de 13,7% a 42,1% para o mesmo período. Estes datos explican que se tivese producido nos últimos anos un cambio significativo no perfil das persoas demandantes de RISGA, pasando a ser da orde duns 70% dos novos demandantes desempregados/as de longa duración.